

Cursou un mestrado en Composición Musical na DePaul University e graduouse en Educación Musical pola Universidade de Wisconsin-Madison, onde os seus principais profesores foron Christopher Wendell Jones, Fredrick Gifford, Seung-Won Oh e Filippo Santoro.

Marta Gentilucci (Italia, 1973)

Estudou Artes Vocais como soprano no Conservatorio de Perugia (Italia). Cursou un mestrado en composición e en composición de música asistida por ordenador na Universidade Estatal de Música e Artes Escénicas de Stuttgart (Alemaña). Foi seleccionada para o programa de música asistida por ordenador do IRCAM, de dous anos de duración (Cursus1 e Cursus2). No 2017 foi compositora residente da Residencia de Investigación Artística do IRCAM cun proxecto acerca da voz e as técnicas vocais estendidas. Posúe un doutoramento en Composición pola Universidade de Harvard.

Realizou unha residencia no Experimentalstudio deas SWR de Freiburg, no Estudio Electrónico da Akademie der Künste de Berlín e no IRCAM. A súa música electrónica foi seleccionada para o SICMF (Seoul International Computer Music Festival), en Corea, no 2012; para o nycemf (New York City Electroacoustic Music Festival), en Nova York, no 2013 e o 2015; para o ICMC (International Computer Music Conference), en Reino Unido, no 2011; para o ICMC 2013 (Australia), o ICMC 2014 (Grecia) —onde gañou o premio ICMA á Mellor Obra composta por un estudante—, o ICMC 2015 (Texas, Estados Unidos), o ICMC 2017 (Shanghai, China) e o ICMC 2018 (Daegu, Corea).

A súa música foi interpretada en Italia, Francia, Grecia, Alemaña, Corea, Xapón, Estados Unidos e Reino Unido por conxuntos como o Wind-Soloist da Orchestra Nazionale RAI, Ensemble Surplus, Ensemble Ascolta, solistas de Neue Vocalsolisten, cros.art ensemble, solistas de Ensemble Intercontemporain, Lles Cris de Paris, Jack Quartet, Chiara Quartet, L'Arsenale Ensemble, Hand Werk Ensemble, Nickel Ensemble, Elision Ensemble, Promenade Sauvage, Dal Niente, Ensemble The Chatter, Orquestra e Coro do Darmstadt Staatstheater e Ensemble Interface. No 2014 recibiu a Mención Honorífica do Premio Mivos/Kanter polo cuarteto para corda *Proof Resilience*. No 2016 foi seleccionada para compoñer unha miniópera para o Darmstadt Staatstheater e gañou o segundo premio do concurso de ópera desta institución. No 2017, traballou como compositora residente na Residencia de Investigación Artística do IRCAM cun proxecto sobre a voz e as técnicas vocais estendidas. Entre os seus últimos proxectos no 2018 compuxo unha nova obra en colaboración co Experimentalstudio des SWR de Freiburg e Voi[e,x,s] Chapelle Charbon1, un traballo conxunto con Theatrum Mundi e a compañía operística Cie MPDA.

Durante o curso 2018/2019, gozará dunha bolsa no Radcliffe Institute de Harvard.

VERTIXE SONORA

Clara Saleiro, *frauta* / Pablo Coello, *saxofón* / Roberto Alonso, *violín* / Lorena García, *viola* / Thomas Piel, *violonchelo* / David Durán, *piano* / Diego Ventoso, *percusión* // Pablo Coello, *dirección musical* / Ramón Souto, *dirección artística*



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela, Tel.: 981 546 602 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal



MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 30 de outubro de 2018

12:00-13:00 h

Concerto didáctico aberto para centros escolares

20:00-20:15 h

Presentación co alumnado dos conservatorios e escolas de música

20:30 h

CONCERTO XEOGRAFÍA DO TEMPO

Nicolas Tzortzis *Arbitrario** (2018)

frauta, saxofón, violín e violonchelo

Victoria Cheah *Unlike Last Month but Like Past Years and Next July*** (2018)

frauta, saxofón, piano e percusión

Ben Davis *Sad Song, Horse Blanket, Stinging Nettle*** (2018)

frauta, saxofón, violín, violonchelo e piano

Marta Gentilucci *...And Calm*** (2018)

frauta, saxofón, violín, viola, violonchelo, piano e percusión

*Estrea en España. Encomenda de Vertixe Sonora

**Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

AS OBRAS

Arbitrario

Arbitrario é como unha serie de fotografías. A peza está baseada en material utilizado en obras anteriores ao longo de varios períodos da miña vida como compositor. Contrariamente ao que adoito facer nas miñas obras, os diversos materiais que compoñen a peza conéctanse de maneira arbitraria, sen que exista unha preocupación por xerar unha dramaturxia lineal.

Escóitase un pouco de cada fragmento cada vez, coma se fosen diferentes fotos da mesma paisaxe. A medida que a peza avanza, os materiais non só se suceden senón que tamén se combinan verticalmente. Cada *fotografía* escóitase con outra, de modo que o público pode navegar coa súa audición dentro deste discurso polifónico. O conxunto divídese en subconxuntos que funcionan independentemente e ademais incorpóranse elementos teatrais ao discurso musical.

Unlike Last Month but Like Past Years and Next July

Cando podes contar tan só o que tes diante de ti, ou deletrear sons un a un, e facer o que vén logo e logo só o seguinte; ao contrario do mes pasado, pero igual que os últimos anos, hoxe é

aínda, seguramente, igual ao xullo vindeiro. Se cadra despois poidamos soñar con algo máis que con como tratamos de “contar os grans de area na praia”.

Samuel M. Johnson, “Two Lovers”, en *Knee Play 5, Einstein on the Beach*

Esta peza inspírase na obra *Campos de fútbol* (1992-1995) de Bleda y Rosa. Nela, os artistas afirman: “A intención con este proxecto era reflexionar sobre o paso do tempo en relación co espazo xeográfico e, deste xeito, falar dun tipo de lugar e non lugar determinado. E para iso realizamos un percorrido que nos resulta próximo, tanto desde o punto de vista da xeografía como da súa memoria persoal. Moitos destes campos aseméllanse aos campos que nós mesmos vivimos, de maneira que a lembranza, a memoria e o paso do tempo ao que fan alusión teñen unha dimensión que atinxen tanto ás condicións obxectivas dos lugares como á experiencia temporal que sobre eles se poida construír”.

A miña composición responde a estas ideas de espazo compartido e intemporal, que cambian co significado persoal construído a partir das experiencias temporais. O baleiro dos campos de fútbol de Bleda e Rosa evócame a inexpressividade e, á vez, a riqueza dunha respiración, a tensión nunha única sonoridade e as relacións ausentes suxeridas polo que compartimos.

Sad Song, Horse Blanket, Stinging Nettle

Sad Song, Horse Blanket, Stinging Nettle coa (re)creación do espazo afectivo dunha lembranza persoal. A fotografía de paisaxes de Bleda y Rosa (especialmente a serie *España*) crea unha sensación tan visceral de tacto, olor, pensamento e atmosfera que case xera un recordo falso daquel momento e lugar concretos cos que o espectador non ten relación. Analogamente, esta peza explora parámetros non sónicos —saudade profunda, fedor ao fungo *brettanomyces*, plantas espiñentas contra o ceo— a través do son para crear un espazo de memoria virtual.

...And Calm

Percibir a calma é unha cuestión relativa. A canto son, ruído ou actividade cómpre que esteamos expostos para sentir a calma? Nun cadro monocromático mesmo unha pequena e impulsiva mancha pode ter un poderoso efecto de movemento. Esta peza cuestiona a conciencia sensorial da actividade e o descanso: fragmentos de memoria sónica se intercalan con estados anovados de repouso. Esta obra ten o seu complemento, unha peza onde os frenéticos movementos dos catro instrumentos tan só parecen atopar acougo ao final. Aquí, as intervencións da actividade puxan por desembocar nunha vibrante quietude.

OS COMPOSITORES

Nicolas Tzortzis (Grecia, 1978)

Naceu en maio de 1978 en Atenas e vive en París dende o 2002. A súa música caracterízase pola súa gran vivacidade, por unha polifonía musical e visual, a incorporación orgánica de elementos extramusicais e unha presenza controlada da tecnoloxía. Dende hai anos segue unha traxectoria independente, marcada por unha experimentación constante que se cuestiona as ideas e as prácticas convencionais á vez que elude adscribirse a ningunha escola concreta. Busca inspiración nas súas lecturas filosóficas e políticas (Castoriadis, Delphy, Kondylis, Rumsfeld) e na cultura pop (series de televisión, música rock, documentais), pero tamén nos deportes e o surrealismo dos anos vinte. Estudou

composición con P. Leroux, composición de teatro musical con Georges Aperghis e música asistida por ordenador na Université Paris 8 con Horacio Vaggione e José Manuel López López. No 2009 realizou o *Cursus 1* (Curso de composición e informática musical) do IRCAM, e logo foi seleccionado para o *Cursus 2*, onde presentou *Incompatible(s) V* para piano silencioso e electrónica. No 2010 resultou seleccionado para o sexto Foro Internacional de Novos Compositores do Ensemble Aleph. Deu concertos en máis de trinta países de Europa, Asia, América do Norte e do Sur e Austria e foi galardoado en máis de vinte concursos internacionais. Colaborou coas agrupacións musicais Divertimento, Proxima Centauri, Suono Giallo, Arditti Quartet, Tokyo Simfonietta, Artéfacts, Alternance, Das Neue Ensemble, Ergon Ensemble, Arsenale, ECCE, NEM e Vertixe Sonora, entre outras. Foi artista residente no Herrenhaus Edenkoben no ano 2013, así como na Vila Ruffieux de Suíza no 2014. Entre o 2014 e o 15 viviu en San Francisco, onde foi profesor visitante Fulbright no CNMAT da Universidade de Berkeley, namentres compuña para Earplay e antes de ser convidado pola Akademie Schloss Solitude a unha residencia artística en Stuttgart (Alemaña). As súas últimas obras inclúen unha peza multimedia para a Fundación Onassis, unha instalación de audio e vídeo coa artista alemá Sascha Hahn e un concerto de piano para a Thessaloniki State Symphony Orchestra. Entre os seus proxectos vindeiros destacan un concerto de cámara para violín, que será interpretado por Alexandra Greffin-Klein co Ensemble Court-Circuit, e un álbum co Das Neue Ensemble de Alemaña.

Victoria Cheah (Estados Unidos, 1988)

É unha compositora que aborda múltiples medios e xéneros nos que explora a xerarquía, a ambigüidade e o ritual propio dos concertos. Numerosos intérpretes e agrupacións musicais encargáronlle composicións; por exemplo, Vertixe Sonora, Marilyn Nonken, Trio Okho, Transient Canvas, Trio de Kooning e PRISM Quartet, que ademais foron interpretados por moitos outros músicos. Ten participado en obradoiros, academias e festivais, incluíndo Sommerakademie Schloss Solitude, Darmstadt, Fontainebleau, VIPA, SICPP, The Walden School, e outros. Entre os seus mestres destacan David Rakowski, Eric Chasalow, Yu-Hui Chang, Steven Takasugi, Chaya Czernowin, Philippe Leroux, Shafer Mahoney, Shawn Crouch, así como os seus alumnos e colegas. Cheah graduouse en Música no Hunter College & Macaulay Honors College da Universidade de Nova York, e na actualidade está a facer o doutoramento en composición na Brandeis University. Ademais dos seus estudos de doutoramento, Cheah impartiu clases na Longy School of Music of Bard College, na Universidade de Harvard, no Boston Conservatory High School Intensive e na Brandeis University. Dende o ano 2011 ao 2015, Cheah foi fundadora e directora executiva de Sound Icon e colaborou con novas organizacións musicais, como a Manhattan Sinfonietta, Argento Chamber Ensemble, Composit e outras para a realización de eventos musicais contemporáneos. Actualmente é directora de produción de Talea Ensemble e codirectora de Score Follower / Incipitsify.

Ben Davis (Estados Unidos, 1992)

É un compositor que reside en Madison (Wisconsin); as súas últimas obras están enfocadas cara á descuberta activa e a eventualidade da fluidez a través do proceso da composición, a interpretación e a escoita. Agrupacións e intérpretes como Vertixe Sonora, Mark Hetzler, Ensemble SurPlus, Ensemble 20+, Nick Meryhew, Clocks in Motion e Proxima Centauri colaboraron con el na creación de novas pezas. Durante a súa asistencia á Escola de Verán da Akademie Schloss Solitude e ao Festival Mixtur recibiu clases particulares de Chaya Czernowin, Rebecca Saunders e Hector Parra, entre outros.